

Resolución do procedemento de inscrición do monte Bubal e Medeiros e do monte Ladairo, Portela e Camiño Vello no Concello de Monterrei no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

Antecedentes

1. O 13/10/2021 o xefe do Servizo de Montes de Ourense acordou o inicio do procedemento de inscrición do monte "Bubal e Medeiros" e o monte "Ladairo, Portela e Camiño Vello" (Concello de Monterrei), pertencentes á CMVMC de Medeiros e á CMVMC de Vilaza no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 10 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas.

2. O 02/12/2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas do monte monte "Bubal e Medeiros" e o monte "Ladairo, Portela e Camiño Vello".

3. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

4. Instruído o procedemento, conforme ao artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, prescindíuse do trámite de audiencia xa que no figuran no procedemento ni serán tidos en conta na resolución outros feito ni alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

5. O 22/02/2022 o xefe do Servizo de Montes de Ourense formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte Bubal e Medeiros e do monte Ladairo, Portela e Camiño Vello no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.

2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.



3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. Que se inscriba o monte "Bubal e Medeiros" e o monte "Ladairo, Portela e Camiño Vello" no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Nome do monte: monte Bubal e Medeiros e o monte Ladairo, Portela e Camiño Vello (Monterrei, Ourense)

Titular: CMVMC de Medeiros e CMVMC de Vilaza

Superficie a inscribir: 156,14 ha en dous coutos redondos.

- Couto redondo 1: 137,5 ha, *Quercus robur*, *Castanea sativa* e *Betula celtiberica*, FCC 70%, idade máis de 20 anos.
- Couto redondo 2: 18,64 ha, *Quercus robur*, *Castanea sativa* e *Betula celtiberica*, FCC 70%, idade máis de 20 anos.

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

